



# 13 e 14 de abril

# FOLGA

# XERAL

## de estudantes

## Derrogación inmediata da LOMCE e o 3+2!

As pasadas eleccións do 20D representaron unha forte pancada para o Partido Popular. A voz dos millóns de traballadores e mozos que nos manifestamos nas rúas en defensa da educación e a sanidade pública, contra a reforma laboral e os desafiuzamentos, contra a lei mordaza e a corrup-

ción, trasladouse tamén nas urnas. O gran avance en todos os territorios das forzas da esquerda comprometidas con estas reivindicacións e coa rebelión social destes anos, é a mellor proba de que a loita é o camiño para derrogar todas estas leis e medidas contrarias aos intereses da maioría.

Con todo, hai moitos intereses para que as cousas non cambien. Como fixemos público, desde o Sindicato de Estudiantes manifestamos o noso profundo rexeitamento ao pacto asinado por Pedro Sánchez e o equipo negociador do PSOE con Ciudadanos, formación á que ata fai moi pouco tachaban de *dereita 2.0*. Este pacto é unha completa burla ao movemento de millóns de estudantes, profesores e pais: non derrogarán a LOMCE nin o 3+2, tampouco eliminarán a relixión das aulas, non recuperarán os miles de millóns de euros que recortaron ao ensino público nin volverán contratar aos miles de profesores que despediron. De feito, o pacto é tan escandaloso que nin sequera recolle a gratuidade do Bacharelato ou a Formación Profe-



sional, un claro aviso de que están urdindo impoñer taxas académicas para os millóns de estudantes que estudamos bacharelato, e que agora non pagamos nada, e legalizar as taxas abusivas que comunidades autónomas como Madrid ou Catalunya xa impuxeron na FP.

Se Pedro Sánchez non ten principios e pretende vender o ensino público aos representantes do Ibex 35, os estudantes si que os temos e seguiremos loitando polo que é xusto!

### **Volvemos ás rúas! O 13 e 14 de abril todos á folga!**

Goberne quen governe finalmente, non imos aceptar de ningún modo que se traioe a loita da Marea Verde. Para garantir que as nosas xustas reivindicacións se levan á práctica, non abonda co que poida ocorrer no Parlamento. Non imos permitir que en negociacións clandestinas, en despachos e ás costas de todos nós, se venda de novo o ensino público! Por iso chamamos á mocidade á rebelión, a baleirar as aulas o 13 e 14 de abril nunha gran folga xeral estudantil, para defender un ensino público digno, gratuito, democrático e de calidade, sen recortes e leis franquistas, e á que todos os mozos poidamos acceder en igualdade de condicións. Non hai excusas que vallan para xustificar outra cousa que non sexa a derogación de todas as leis, decretos e recortes que atacan ese dereito! Fóra a LOMCE e o 3+2! Aumento drástico das bolsas e redución inmediata das taxas!

Para que a folga sexa un éxito completo, hai que organizar comités de loita en todos os institutos e facultades e acudir masivamente ás manifestacións. Desde o Sindicato de Estudantes chamamos á unidade a todas as asociacións estudantís de esquerdas

para que se unan á folga o 13 e 14 de abril, e ao conxunto da comunidade educativa, aos pais e nais, aos profesores, ás súas organizacións e sindicatos de clase, a confluír nesta mobilización e volver levantar ben alto a bandeira da Marea Verde, deixando moi claro ao futuro goberno —sexa o que sexa finalmente— que non loitamos estes anos para que todo siga igual.

## **Folga o 13 e 14 de abril** **Propoñemos en todos os institutos e facultades organizar:**

**1.- Asembleas masivas** para explicar os motivos da folga. A folga é completamente legal, como as manifestacións. Ninguén nos pode impedir exercer o noso dereito.

**2.- Crear comités de folga** en cada instituto e facultade para facer pancartas, repartir follas e difundir en cada centro e en cada barrio os motivos da nosa loita. Tamén chamamos a que os comités de folga organicen peches, avisos polas aulas, concentracións e outras accións, e involucrar nas mesmas aos nosos profesores e pais.

**3.- Preparar as manifestacións.** Na nosa web [www.sindicatodeestudiantes.net](http://www.sindicatodeestudiantes.net) atópase o listado de manifestacións que se celebrarán en todo o Estado. Chamamos a todos os estudantes a organizar manifestacións e concentracións en cada cidade e localidade, por pequena que sexa. Para legalizalas non fai falta máis que contactar connosco e enviaremosvos todos os permisos legais necesarios.

## **O ensino público non se vende, deféndese!**



### **Todos ás manifestacións 14 de abril · 12 h.**

- ▶ **FERROL:** edificio Xunta Praza de España
- ▶ **CORUÑA:** Praza da Palloza
- ▶ **LUGO:** IES de Ramón Ferreiro
- ▶ **VIGO:** Praza América
- ▶ **COMPOSTELA:** Alameda